


Viaxe de ida e volta



Título: Viaxe de ida e volta
Autora: Ánxela Loureiro
Ilustrador: Enjamio
Editorial: Xerais
Colección: Merlín
Nº páxinas: 80 / 3ª edición
ISBN: 978-84-9782-542-9
Idade: De 9 anos en diante

XERAIS



a autora

Ánxela Loureiro

De Ferrol é esta profesora, asesora de formación do profesorado e autora de literatura infantil.

Escrebiu a obra de teatro *¡Ollo, hai lurpios na horta!*, coa que acadou o Primeiro premio de teatro infantil do Ateneo Ferrolán e, especialmente, narrativa, entre a que destacamos *Camiño perigoso* (finalista do Premio Merlín 2002), *Ota quere voar* (Premio Lecturas 2005 e Premio Literario Frei Martín Sarmiento 2004) ou *Laia, a nena da illa*. Afeccionada á musica, formou parte do grupo folk Saraiba como solista e participou na publicación de *Cancións para o ano*. Outra das súas afeccións é a recuperación de xogos tradicionais para a escola.

o ilustrador

Enjamio (A Habana, 1962)

Está graduado na Escola de Artes Plásticas San Alejandro (A Habana).

Entre as súas obras podemos citar: *O home que non quería soñar*, *Na fogueira dos versos*, *A aventura das cores*, *Contos maravillosos II*, *Un, Un tren cargado de misterios*, *O derradeiro bandido*, *O home que non quería soñar*, *Animais de compañía*, *Cara a un lugar sen nome*, *Unha chea de aloumiños*, *O brillo dos elefantes*, *Melanio e os paxaros*, *Un polbo xigante*, *Tres voltas ao planeta*, *Ana e o tren*, *Belidadona*, *Un crocodilo debaixo da cama*, *A noite dos animais* ou os títulos da serie *Carlota, a marmota e Carlota e a bota perdida*.

Da súa pluma e pincel é *¡Alguén roubou a lúa!*

o libro

Trata das aventuras dun caracol que se ve obrigado a saír polo mundo, despois de que alguén corta a leituga na que estaba vivindo.

Ao longo do relato imos asistindo ao seu encontro cos diferentes membros dunha familia de humanos, a amizade cunha araña, o reencontro co irmán perdido e especialmente a fazaña fronte a un montón de formigas que pelexan por levalo ao formigueiro.

A historia de Fol é a da loita pola supervivencia nun mundo cheo de dificultades, pero no que nunca hai que perder a esperanza e os ánimos. Unha historia que nos demostra que non todo é como comeza e que os que semellan inimigos poden acabar converténdose en amigos.

Unha historia de superación, coa banda sonora do optimismo.

temas e valores




Os animais e o seu hábitat

Animais pequenos e animais grandes. Animais domésticos e salvaxes.



As relacións entre os animais

A lei da selva.




As amizade con todo o que leva consigo:

Compromisos e axuda, sentimentos de afecto e arraigo.



A familia

A primeira e as outras.




Os humanos vistos polos animais

As relacións entre os humanos e os animais.



A natureza nun xardín ou nunha horta



A aventura

Os avatares que suceden na vida, as experiencias polas que se pasa, as aventuras que se corren, moitas veces, sen buscalas.

actividades

A proposta de actividades, que segue, xorde das múltiples posibilidades de xogo arredor do texto. Deben ser tomadas como a apertura dun abano de posibilidades para comprendelo algo mellor, darlle voltas, repensalo...

Cada mediador deberá escoller aquelas actividades que lle resulten máis interesantes tendo en conta os intereses que o guían, ou creará as súas propias baseándose nas que a continuación se deseñan. En calquera caso, o máis importante dunha historia é lela e comentala. Realizar algunha actividade, en torno a esta lectura, será complementario do anterior, pero non debe ocultar o obxectivo principal: ler e gozar da obra.

Antes da lectura

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. Observando as capas imaxinaremos de que pode tratar e o que imos atopar nel.
- Atenderemos ao que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- Reflexionemos sobre o título. Lémbranos outros? Xogamos a inventar títulos semellantes.
- Escribimos un texto con ese título. Pode estar en prosa ou en verso.
- A lectura do texto que aparece na contraportada axudaranos a anticipar o tema e o argumento do mesmo. Deixamos que vaian aflorando os coñecementos previos acerca de todo aquilo que nos suxira o que imos lendo e vendo.
- Identificamos a autora, lembramos o que sabemos acerca dela e buscamos máis datos aproveitando os que aparecen na solapa.
- Facemos o mesmo co ilustrador, primeiro tratamos de recordalo por outros libros, logo buscamos datos a través de internet e, directamente, entre os libros da biblioteca.
- Podemos falar da colección Merlín, doutros títulos que coñezamos e da opinión que nos mereceron. Repasamos a lapela na que aparecen «Ánxela Loureiro en Merlín» e falamos dos que teñamos lido.
- Comentamos a dedicatoria e, unha vez lida a novela, pensamos a quen lla dedicariamos nós e con que palabras.
- Cunha mirada rápida observamos as ilustracións e imaxinamos a historia que pode haber detrás.

Ao longo da lectura

- Lemos a dedicatoria, opinamos acerca dela, de se nos tería gustado que alguén nos dedicara un libro.
- A autora fala, na dedicatoria, de que aprendeu a «valorar e respecta-la vida de tódolos animais, por insignificantes que parezan». Comentemos esa frase e todo o que pode significar, así como o que nós opinamos ao respecto.
- Situaremos o texto dentro dun xénero literario. Veremos que hai algunha tipoloxía diferente e trataremos de explicala.
- Cando cortan a col, as reaccións de Mol e Fol son moi diferentes. Fol semella alguén positivo que aínda nos peores momentos trata de verlle o lado bo á vida. Opina acerca das reaccións de ambos e se cres que isto forma parte da súa personalidade ata o punto de darlle sentido a todo o que lles sucede ao longo da obra.
- Fol pregúntase que sería de seu irmán agardando por el no medio das flores amarelas. Cita todas as flores desa cor que coñezas.

actividades

- O verme da mazá fállalle a Fol da viaxe que realiza o lixo desde que se bota na bolsa ata o final. Indagade como é esa viaxe. Falade da necesidade de facer unha recollida selectiva dos desperdicios. Realizade un debate ao respecto, no que vaian aflorando todos os coñecementos que temos e todo o que necesitamos saber para ser máis responsable no que consumimos.
- Observemos o lixo que se produce na casa ou na escola. Vexamos de que está formado maioritariamente. Falemos do papel dos envoltorios e da súa duración.
- Cando Fol busca o verme da mazá só sabe que está dentro de algo redondo. Xoguemos a ver quen é capaz de facer o listado máis grande de cousas redondas nun tempo limitado.
- Hai un momento do texto no que semella que se vai facer unha rima con susto / desgusto /... Continúa ti, agora!
- Na obra podemos observar para que lle sirve a baba ao caracol. Comentémolo, e tamén as virtudes estéticas ou curativas que ultimamente se lle atribúen. Busquemos información ao respecto, publicidade de cremas...
- Os capítulos aparecen con título. Tan pronto o leamos poñémonos a pensar de que pode tratar, por exemplo ese primeiro que se titula «Separación forzosa». Unha vez lido cada un deles, cambiámoslle o título, poñéndolle outro que nos pareza máis adecuado.
- Despois da lectura de cada un dos capítulos predicimos a continuación da novela.
- Facemos un resumo conciso de cada capítulo.
- Identificamos quen conta a historia. Comentamos acerca da diferenza que pode producirse cando a historia é contada por un tipo de narrador ou por outro. Falamos de historias que coñezamos e como non son iguais as versións que contamos cada un de nós.
- Seleccionamos aqueles fragmentos que nos chaman a atención para despois comentalos cos compañeiros e compañeiras.
- Os caracois semella que se alimentan da propia casa, é así?
- Lembras outras historias nas que alguén come as paredes do lugar no que vive?
- De vez en cando o narrador semella dirixirse ao lector. Busca algún deses fragmentos.
- Imos recollendo información sobre cada un dos personaxes para poder describilos.
- Revisamos o libro buscando os nomes dos animais que aparecen nel. Unha vez conseguida a lista, distribuímonos en grupos, para buscar información e elaborar un mural con aqueles datos que resultan máis sorprendentes. Pervia a esta actividade, faremos que afloren todos os coñecementos que temos acerca destes animais, que se confirmarán e ampliarán despois da investigación.
- Recollemos nomes e datos dos diferentes personaxes para poder describilos física e psiquicamente.
- Elaboramos un vocabulario con aquelas palabras que nos resultan difíciles á primeira vista.
- Observamos as cores das ilustracións e opinamos acerca das razóns polas que serán así.
- Hai unhas ilustracións que acompañan todo o texto desde a parte superior das páxinas. Expliquémolas!
- Deteñámonos en cada unha das ilustracións. Tentamos explicalas e observamos que informacións novas nos achegan.
- Debuxamos unha familia de caracois, tal como nola imaxinamos.
- Elixamos a ilustración que máis nos guste de todas e argumentemos a escolla.
- Poñámoslle pés de foto ás ilustracións igual que se fai en prensa.
- Os pais caracois, coma calquera outros, teñen que poñer certas prohibicións. Observade cales son as súas e cales as dos vosos pais.

actividades


- Fol e Mol cantan a pares, a base de pareados, primeiro un, logo o outro, logo ambos á vez... Probemos a facer algo parecido con esa ou outra canción que podemos inventar.
- A mosca dille agradecida «nunca che esquecerei» pero vaise e déixao só. Que opinas? Tenche pasado algo semellante nalgunha ocasión?
- Probamos a ler un fragmento do libro de forma que cada un de nós represente un personaxe.
- Formulémonos preguntas relacionadas co texto.
- Andrea di que vai ser veterinaria de animais pequenos coma os caracois, arañas, moscas... Cres que iso é posible? Isto pode lembrarnos a obra *Doutor Rus* de Gloria Sánchez e podemos aproveitar este momento para lela.
- Un só pé, unha boca dentada... Busquemos outras características dos caracois.
- Comentemos os nomes dos diferentes membros das familias, a de Fol, a dos que serán de Mol, a dos humanos...
- A base de falar Fol e a araña fanse amigos, a pesar do mal comezo que tivo a súa relación. Isto lembravos algo?
- A araña cruza as patas para espantar as meigas. Falemos de xestos ou ritos dos que oíramos falar para o mal de ollo.
- Hai animais que se caracterizan pola velocidade que acadan e outros pola lentitude coa que se moven. Falemos duns e outros. Busquemos datos.
- O caracol non sabía que os libros falasen. Pero seguramente vós si. Comentade todo o que vos foron dicindo os libros ao longo do tempo, todo o que vos ensinaron...
- Busquemos recursos literarios ao longo do texto e mostrémosllos aos compañeiros.
- Na páxina cincuenta dise que Fol quedou petrificado. Expliquémolo!
- Hai un momento no que a avaricia da araña semella que vai acabar coa fuxida de Fol. Que opinas?
- Describamos o sabor da liberdade do que se fala na páxina 43.
- Contestemos:

- Por que cres que lle entra sono a Fol cando Andrea lle pon cola na cuncha?
- Que significa hermafrodita?
- E hibernar?
- Cal foi o sistema que ideou Fol para separar o corpo da cuncha despois de que Andrea lle puxera a cola?
- Para que serán as espiñas da roseira? Tentemos, tamén, explicacións imaxinativas.
- Por que se chamará Tola a cadela?
- Que pasou cos pais de Fol mentres sucede todo isto?
- Que flores ou vexetais, citados no texto, podes lembrar?
- Como lle chama Andrea a Fol?
- Que fai a araña para salvar a Fol?
- Chega, Fol, ao final á súa meta?
- Cando un caracol está en perigo e non é capaz de evitalo, péchase na cuncha e agarda por tempos mellores. Iso é o que fai Fol. Opinemos.
- Lemos a música que aparece na páxina 77. Explicamos ese sistema de lectura.
- Escribimos outras cancións para cantar con esa mesma música.
- Creamos outra música para a letra de Fol.

actividades

Despois da lectura

- Realizamos unha liña argumental da obra.
- Hai momentos nós que calquera de nós, e todos, somos necesarios e podemos cambiar o rumbo das cousas, faino a araña empeñada en non abandonar a Fol, faino Andrea querendo colocalo nun lugar familiar... Que podemos facer nós, na nosa realidade?
- Lembremos as cancións que coñecemos relacionadas cos caracois.
- Tamén podemos lembrar as historias ou os ditos que teñen relación con eles.
- O irmán de Andrea fai os labores da casa. A pesar de ser bastante bruto cos animais é un rapaz responsable coa distribución dos traballos do fogar. Comentemos que sucede na nosa familia, se colaboramos no traballo, quen se ocupa máis se os rapaces ou as rapazas...
- Sorpréndenos que Fol se faga amigo da araña pois ao principio semellan inimigos. Ademais a araña semella un ser malhumorado ... non obstante as cousas non son o que parecen. Expliquémolo.
- Cando a araña lle canta a canción coa que se metían con ela enténdese que non sexa amable. Reflexionemos acerca disto, de como a maldade ten unha causa e de como podemos colaborar a que sexan máis ou menos malos. Podemos lembrar, tamén, a historia de *Kiriku e a bruxa*, analizando cal era a orixe da maldade desta última.
- A canción da araña repite moito uns sons, vexamos cales son e a súa razón de ser.
- Comentemos a importancia da música nesta obra e busquémoslle explicación.
- Podemos escribir as historias que quedaron sen contar no relato, coma a da araña, a das moscas ou a do verme da mazá.
- Busquemos obras que teñan como protagonistas animais. Escribimos textos nos que tamén suceda isto.
- Realizamos un cómic relatando as aventuras de Fol.
- Unha vez lida a obra, tentamos buscarlle un escenario real a este relato. Onde podería desenvolverse esta historia? Por que? Logo, sitúaa no tempo.
- Busquemos aquilo que máis nos sorprendeu, o que nos resultou máis triste, o máis cómico, o máis fantástico... do relato.
- Analicemos os problemas que xorden na historia e a maneira de resolvelos.
- Co libro na man, busquemos unha descrición, un diálogo, unha narración, un poema, unha canción...
- Comentemos os valores que defende a autora neste texto.
- Escribimos a opinión que nos mereceu o libro ou realizamos unha posta en común na que imos achegando a valoración de cada un de nós. Intercambiamos as sensacións que nos espertou a lectura, e as lembranzas que foron agromando ao longo da mesma.
- Intentamos sintetizar a idea principal do texto.
- Escribímoslle á autora, Ánxela Gracián, a través da editorial, da BVG... para darlle a nosa opinión sobre a súa obra.
- Repasamos o texto buscando un fragmento que nos poida servir como cita.
- Buscamos as outras obras da autora e animámonos a ler aquelas que nos apetezan.
- Pensamos noutros textos que poderíamos relacionar con este: polo tema, polo lugar no que se desenvolve, porque defende valores parellos...
- Localizamos outros libros ilustrados por Enjamio e lémoslos.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña
Telf.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2008
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008
Depósito legal: VG 49-2009